

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
CIFP DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Modelo MD85ACO01

GUÍA DO ALUMNADO 2021-2022

“CIFP AS MERCEDES”



**Comercio
e márketing**



Energía e auga



**Instalación
e mantemento**



**Transporte
e mantemento
de vehículos**

Índice

1. Presentación do centro	3
1.1. Introducción	3
1.2. Localización e planos	5
1.3. Oferta educativa	12
1.4. Organigrama funcional	16
2. Política de calidade	18
3. Dereitos e deberes do alumnado	21
4. Normas de convivencia do centro	22
5. Servizos do centro	22
5.1. Biblioteca	22
5.2. Cafetería	23
5.3. Aula virtual	24
6. Calendario escolar	25
7. Horario	25
8. Información de interese	26
8.1. Validacións e exencións	26
8.2. Faltas de asistencia, baixa de oficio, traslado e renuncia na matrícula	27
8.3. Formación en centros de traballo (FCT)	27
8.4. Eduemprende- FP plus	28
9. Normas en caso de evacuación	28
10. Puntos de interese do protocolo COVID-19 no centro	29

1. Presentación do centro.

1.1. Introducción.

O **CIFP As Mercedes de Lugo**, forma parte da rede de Centros Integrados de Formación Profesional do Sistema Educativo de Galicia, formado por **26 centros**, e no que se desenvolven accións formativas de formación profesional inicial ou regrada, e formación para o emprego.

Desde todos os estamentos deste centro queremos darche a a benvida ao CIFP As Mercedes e esperamos que a túa estancia no noso centro (o teu, desde hoxe) sexa o máis agradable e proveitosa posible.

Con esta guía pretendemos poñer á túa disposición a información que che axude a coñecer o centro e o noso xeito de traballar. Benvido e esperamos que participes de forma activa no funcionamento do mesmo.

DATOS DO CENTRO

-  Nome do centro: CIFP As Mercedes
-  Dirección: Avenida de Madrid, 75 C.P. 27002. Lugo
-  Tfno.: 982828001
-  Fax: 982828016
-  Email do centro: cifp.asmercedes@edu.xunta.es
-  Email de comunicación co Equipo Covid: covid19@cifpasmercedes.org
-  Facebook: <https://www.facebook.com/cifpasmercedes>
-  Instagram: <https://www.instagram.com/cifpasmercedes/>

ENTORNO

As instalacións do CIFP As Mercedes están ubicadas na parte sueste da cidade de de Lugo na saída con dirección Madrid.

Situado nun dos emprazamentos de maior crecemento urbanístico na última década a zona dispón de grandes avenidas, zonas verdes e espazos recreativos e multitude de puntos de interese social e cultural. A pouca distancia atópanse o Campus Universitario, a Escola Oficial de Idiomas, o Conservatorio de Música e Escola de Danza, espazos deportivos (piscinas municipais e pavillón universitario) así como a Comisaría de Policía Local, recentemente inaugurada.

O centro consta de biblioteca, ademais dos espazos propios para ensinanza e administración do mesmo.

RESEÑA HISTÓRICA DO CIFP AS MERCEDES

Foi no século XVII, cando a parcela na que se asenta o CIFP As Mercedes comezou a ser obxecto de distintos proxectos que finalmente non se levaron a cabo, sendo no 1878 cando se constrúe o Asilo das Mercedes por parte do arquitecto municipal don Nemesio Cabreros. Pola contra ao edificio comezaráselle a dar uso en 1889 en forma de Escola Preparatoria do Exército por parte do corpo de cabalería.

Será a partir de 1969 cando empezou a funcionar como escola, creada pola Organización Sindical (sindicato vertical) dentro do órgano “Obra sindical de Formación Profesional”. Neste primeiro curso, o alumno era avaliado por profesorado de fóra da escola ao non estar recoñecida esta por Educación.

Nestes primeiros anos impartíanse nela ensinanzas de Oficialía e Mestría Industrial das ramas de Automoción e Metal e estudos de Frío industrial enfocado á ser Centro de Formación Profesional Nacional del Frío e dirixido principalmente á formación de especialistas para a industria cárnica de FRIGSA en Lugo.

Despois da transición democrática a escola é transferida ao Ministerio de Traballo como Instituto de Formación Profesional, impartíndose, ademais das citadas anteriormente ensinanzas de Administrativo (especialidades de Comercio e Contabilidade) e Secretariado.

Na década dos 80 o centro e traspasado ao Ministerio de Educación e Ciencia, ata que á Xunta de Galicia lle son transferidas as competencias no eido educativo do Estatuto de Autonomía de Galicia.



Na década dos 90 alberga temporalmente tamén ao alumnado da Escola Oficial de Idiomas, e a finais da mesma implántanse a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelatos e os novos Ciclos Formativos que substitúen á FP anterior.

No ano 2013, a Consellería de Educación decide a conversión do centro en Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) formando parte da rede de Centros Integrados de Formación Profesional do Sistema Educativo de Galicia no que se desenvolven accións formativas de formación profesional inicial ou regrada, e formación para o emprego.

1.2. Localización e planos.

PLANOS DE SITUACIÓN DO CENTRO







PLANTA SÓTANO



PLANTA BAIXA



AULAS EXTERIORES E BAIXO CUBERTAS





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Centros
Integrados
Formación Profesional



PRIMEIRA PLANTA





COMERCIO E MARKETING

ENERXÍA E AUGA

INSTALACIÓN E MANTEMENTO

TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS



Xacobeo 2021

CIFP AS MERCEDES

Avd. Madrid 75 CP 27002 Lugo
Tlfo: 982828001 Fax:982828016


cifp.asmercedes@edu.xunta.es <http://www.cifpasmercedes.org>



Fondo Social Europeo
Cofinanciado por el
programa Erasmus +
de la Unión Europea




SEGUNDA PLANTA





APARCADOIRO PROFESORADO ALUMNADO



1.3. Oferta Educativa.

CICLOS MEDIOS

CODIGO DO CICLO	NOME DO CICLO	RÉXIME	MODALIDADE
CMTMV01	Carrozaría	Ordinario	Presencial
CMCOM01	Actividades Comerciais	Ordinario	Presencial
CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ordinario	Presencial
CMIMA01	Instalacións frigoríficas e de climatización	Ordinario	Presencial
ZMIMA02	Instalacións de produción de calor	Adultos, matrícula por módulos	Distancia

Módulos ofertados

MP0266	Configuración de Instalacións Caloríficas.
MP0395	Empresa e Iniciativa emprendedora.
MP0302	Montaxe e mantemento de instalacións caloríficas.
MP0310	Montaxe e mantemento de instalacións de auga.
MP0392	Montaxe e mantemento de instalacións de enerxía solar.
MP0393	Montaxe e mantemento de instalacións de gas e combustibles líquidos.

ZMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	Adultos, matrícula por módulos	Presencial
----------------	---	--------------------------------	------------

Módulos ofertados

ZMP0454	Circuitos de fluídos: suspensión e dirección
ZMP0452	Motores
ZMP0456	Sistemas de carga e arranque

CICLOS SUPERIORES

CODIGO DO CICLO	NOME DO CICLO	RÉXIME	MODALIDADE
CSTMV01	Automoción	Ordinario	Presencial
CSENA01	Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	Ordinario	Presencial
CSIMA02	Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos	Ordinario	Presencial
CSCOM04	Márketing e publicidade	Ordinario	Presencial
CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais	Ordinario	Presencial
CSTMV04	Mantemento Aeromecánico de Avións con motor de turbina	Ordinario	Presencial
ZSIMA01	Desenvolvemento de proxectos de instalación térmicas e de fluídos	Adultos, matrícula por módulos	Distancia

Módulos ofertados

- ZMP0125** Configuración de instalacións de climatización, calefacción e AQS
- ZMP0127** Configuración de instalacións de fluídos
- ZMP0126** Configuración de instalacións frigoríficas
- ZMP0131** Empresa e iniciativa emprendedora
- ZMP0128** Planificación da montaxe de instalacións



ZSCOM01

Transporte e loxística

Adultos,
matrícula por
módulos

Distancia

Módulos ofertados

- MP0625** Loxística de almacenamento
- MP0626** Loxística de aprovisionamento
- MP0629** Organización de transporte de mercadorías
- MP0628** Organización do transporte de viaxeiros/as
- MP0622** Transporte internacional de mercadorías
- MP0627** Xestión administrativa do comercio internacional
- MP0621** Xestión administrativa do transporte e a loxística
- MP0623** Xestión económica e financeira da empresa
- MP0179** Inglés.
- MP0631** Formación e orientación laboral.
- MP0624** Comercialización do transporte e a loxística
- MP0630** Proxecto de transporte e loxística
- MP0632** FCT

ZSCOM02

Comercio internacional

Adultos,
matrícula por
módulos

Distancia

Módulos ofertados

- MP0825** Financiamento internacional
- MP0827** Comercio dixital internacional
- MP0823** ~~Marketing~~ internacional
- MP0826** Medios de pagamento internacionais
- MP0824** Negociación internacional
- MP0822** Sistema de información de mercados





CICLO FORMATIVO DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

CODIGO DO CICLO	NOME DO CICLO	RÉXIME	MODALIDADE
CBTMV01	Mantemento de vehículos	Ordinario	Presencial
CBIMA01	Mantemento de vivendas	Ordinario	Presencial

FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL

CODIGO DO CICLO	NOME DO CICLO	RÉXIME	MODALIDADE
CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais	Ordinario	Presencial
STMV01	Automoción-Maquinaria agrícola industrial	Ordinario	Presencial
ZSCOM04	Márketing e publicidade	Ordinario	Presencial

CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN DE GRAO MEDIO


CODIGO DO CICLO	NOME DO CICLO	RÉXIME	MODALIDADE
EMTMV50	Mantemento de vehículos híbridos e eléctricos	Ordinario	Presencial


CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN DE GRAO SUPERIOR

CODIGO DO CICLO	NOME DO CICLO	RÉXIME	MODALIDADE
ESIMA50	Dixitalización do mantemento industrial	Ordinario	Presencial



1.4. Organigrama funcional.





Curso 2021/22



2. Política de calidade.

Presentámosche a nosa política de calidade e convidámoste a participar coa túa opinión a través da “caixa de suxestións” que está dispoñible na entrada do centro (foto) e na páxina web do centro (<http://www.cifpasmercedes.org/index.php/es/buzon-suxerencias>). Contribuirás deste xeito á mellora do noso sistema de xestión da calidade.



O CIFP As Mercedes, aposta polo compromiso coa calidade axustándose á política de calidade tal e como se reflicte na Misión, Visión e Valores do Manual de Calidade da Rede de Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia

A **Misión** descríbese nos seguintes puntos:

- Establecer unha oferta de formación profesional modular, flexible, de calidade e adaptada ás demandas da poboación e ás necesidades xeradas polo mundo produtivo, proporcionando servizos para a cualificación e a recualificación das persoas ao longo da vida.
- Participar no procedemento para o recoñecemento, a avaliación e a acreditación de competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral e de vías non formais de formación no marco do Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional.

- Prestar servizos de información e de orientación profesional ás persoas para tomar as decisións máis axeitadas respecto da súa carreira profesional
- Establecer un espazo de cooperación entre o sistema de formación profesional e o ámbito produtivo sectorial e local, para desenvolver e estender unha cultura da formación permanente.
- Fomentar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, con especial incidencia na erradicación de prexuízos.
- Facilitar o acceso da mocidade ao primeiro emprego, así como a conservación e mellora do posto de traballo dos traballadores e das traballadoras, mediante unha oferta formativa de calidade que promova a aprendizaxe permanente e a capacidade de adaptación aos cambios sociais, organizativos e tecnolóxicos.
- Impulsar e mellorar as aptitudes e as competencias do alumnado, promovendo proxectos de iniciativa emprendedora, mobilidade, perfeccionamento profesional e cooperación, nun contexto internacional.

En canto a **Visión**, como Centros Integrados de Formación Profesional proporcionaremos unha formación integral ao noso alumnado que lle facilite a participación activa e responsable como cidadáns, polo que ofreceremos unha oferta formativa completa e de calidade que conduza á obtención de títulos de formación profesional e á acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, atendendo as necesidades que demande o mercado laboral e consolidando vínculos con todas as empresas do contorno.

No que respecta aos **Valores**, orientamos as nosas accións para:

- Fomentar valores de convivencia, cooperación e respecto.
- Ofrecer uns servizos educativos de calidade.
- Mellorar continuamente a calidade dos servizos prestados, a través da innovación e o traballo en equipo, para crear valor aos nosos usuarios mediante un sistema de calidade total co compromiso de cumprir cos requisitos do sistema e de mellorar continuamente a súa eficacia.
- Lograr a satisfacción da comunidade buscando atender as súas necesidades e adiantándonos ás súas expectativas, observando o cumprimento da misión, visión e valores da institución.

- Ofrecer as cualificacións profesionais requiridas para dar resposta ás necesidades e demandas do noso ámbito socioeconómico.
- Optimizar os recursos públicos dispoñibles, fundamentados nas tecnoloxías da información e da comunicación, para reproducir procesos sustentables, cun profesorado formado tanto na didáctica coma nas innovacións tecnolóxicas.
- Fomentar o espírito emprendedor e o desenvolvemento de actividades empresariais.
- Contribuír ao logro das actuacións e os obxectivos de calidade establecidos no Plan estratéxico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Desenvolver vínculos co sistema produtivo do contorno (sectorial, comarcal ou local) nos ámbitos seguintes:
 - Formación do persoal docente de formación profesional.
 - Formación do alumnado en centros de traballo e realización doutras prácticas profesionais.
 - Orientación profesional.
 - Participación de profesionais do sistema produtivo na impartición de docencia.
 - Colaboración na detección de necesidades de formación permanente dos traballadores e das traballadoras, así como na información e orientación das persoas usuarias, tanto a título individual como colectivamente.

Esta Política de calidade servirá de marco de referencia para establecer e revisar o Plan estratéxico e os obxectivos de calidade.

A Dirección dos CIFP de Galicia revisará, polo mínimo unha vez ao ano, para verificar a súa adecuación á forma real de traballo da Rede de Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia.

Co fin de que sexa coñecida por todo o persoal dos centros, a Política de Calidade exporase publicamente nas instalacións dos CIFP e divulgarase por calquera outro medio.

3. Dereitos e deberes do alumnado.

DEREITOS DO ALUMNADO

-  A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
-  A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
-  Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
-  A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos na lei.
-  A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

DEBERES DO ALUMNADO

-  Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
-  Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
-  Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
-  Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
-  Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
-  Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
-  Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
-  Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

4. Normas de convivencia do centro.

Deberase garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.



A educación basearase no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

Garantirase a prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

Prestarase o debido recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

Establecerase a debida corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Promoverase a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

Avanzarse no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

Fomentarase a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

5. Servizos do centro.

5.1. Biblioteca:

A biblioteca **permanecerá pechada** ao acceso do alumnado. No caso de peticións ou *devolucións de material*, poñerase en contacto co responsable da mesma a través das ferramentas habilita-

das ao caso e que se publicitarán ao inicio de curso a través da web do centro e os titores. A recollida ou entrega do mesmo farase segundo as instrucións facilitadas.

Con relación **os préstamos de material recibidos** permanecerán en caixas identificativas e illadas como mínimo 4 horas antes de volver a usarse.

Estará a disposición do profesorado do centro para establecer outra das salas de profesorado do centro e así contribuir o aforo permitido no protocolo do COVID.




5.2. Cafetería.

Segundo o protocolo do centro fronte a COVID o aforo da área destinada ao uso das máquinas de vending será de **6 usuarios**. Non está permitido o uso para a consumición da comida e bebida subministrada.

A circulación neste espazo estará sinalado para evitar os cruces de persoas para o uso das máquinas.

O alumnado deberá estar distanciados polo menos **1,5 metros** e será preciso extremar as precaucións, procurando agardar o momento de uso da máquina mantendo a distancia de seguridade e hixienizando as mans despois de usala.



5.3. Aula virtual.

A aula virtual do centro que está dispoñible na páxina web do centro e ten como dirección:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cifpasmercedes/aulavirtual>

Utilizarase, de ser o caso e nos supostos de *educación a distancia nos ciclos formativos que non empreguen a plataforma específica para o réxime a distancia e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula*, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

Para a **inscripción na aula virtual**, durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usárase a aula de multimedia ou aulas técnicas do departamento en cuestión para estas tarefas.

Aula Virtual do CIFP AS MERCEDES

NAVEGACIÓN

- Página Principal
- Noticias do sitio
- Cursos

MENÚ PRINCIPAL

- Noticias do sitio

Categorías

▼ Colapsar todo

- ▼ **COMERCIO E MARKETING** (1)
 - CM Actividades Comerciais
 - CS Marketing e publicidade
 - CS Xestión de vendas e espazos comerciais
 - CS DUAL Xestión de vendas e espazos comerciais
- ▼ **ENERXÍA E AUGA**
 - CS Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica
- ▼ **TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEÍCULOS**
 - CB Mantemento de vehículos
 - CM Carrozaría
 - CM Electromecánica de vehículos automóbiles
 - CM ADULTOS Electromecánica de vehículos automóbiles
 - CS Automoción
 - CS DUAL Automoción
 - CS Mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina
- ▼ **INSTALACIÓN E MANTEMENTO**
 - CM Instalacións frigoríficas e de climatización
 - CS Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos

Buscar cursos:

CIFP AS MERCEDES



[Ir á web](#)

CALENDARIO

septiembre 2020

Lun	Mar	Mié	Jue	Vie	Sáb	Dom
		1	2	3	4	5
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

6. Calendario escolar 2021-2022

2021							2022						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
SETEMBRO							OUTUBRO						
											1	2	3
							4	5	6	7	8	9	10
9	10	15	16	17	18	19	11	12	13	14	15	16	17
20	21	22	23	24	25	26	18	19	20	21	22	23	24
27	28	29	30				25	26	27	28	29	30	31
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
NOVEMBRO							DECEMBRO						
											1	2	3
							4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24
22	23	24	25	26	27	28	29	30	31				
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
XANEIRO							FEBREIRO						
					1	2							
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13
10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27
24	25	26	27	28	29	30	28						
31													
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
MARZO							ABRIL						
							4	5	6	7	8	9	10
7	8	9	10	11	12	13	11	12	13	14	15	16	17
14	15	16	17	18	19	20	18	19	20	21	22	23	24
21	22	23	24	25	26	27	25	26	27				
28	29	30	31										
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
MAIO							XUÑO						
						1							
2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12
9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19
16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26
23	24	25	26	27	28	29	27	28	29	30			
30	31												

*A maiores, queda por determinar o día NON lectivo propio do centro para o curso 2021/2022

Mes	Día	
Setembro	15	Comezo das clases na Formación Profesional
Outubro	5	Día non lectivo. Festa local. San Froilán
	11	Día non lectivo. Día do Ensino.
	12	Día non lectivo. Día da Festa Nacional.
Novembro	1	Día non lectivo. Día de Todos os Santos
Decembro	6	Día non lectivo. Día da Constitución.
	8	Día non lectivo. Día da Inmaculada Concepción.
	22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31	Vacacións de Nadal.
Xaneiro	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9	
Febreiro	28	Vacacións de Entroido.
Marzo	1, 2	
Abril	09, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18	Vacacións de Semana Santa
Maio	17	Día non lectivo. Día das Letras Galegas.
Xuño	22	Remate das clases na formación profesional.

7. Horario escolar.

REXIMEN	HORARIO
Ordinario	8:30 – 15:00 (descanso de 30' de 11:30 a 12:00)
Adultos	16:00 – 22:20 (descanso de 20' de 19:00 a 19:20)

A **entrada ao centro**, recoméndase, facer con anterioridade á hora de inicio dentro da aula que se teña asignada co fin de evitar aglomeracións. A marxe de tempo máxima para a entrada antes da hora de comezo será de *10 minutos*.

8. Información de interese.

8.1. Validacións e exencións.

Sistema de validacións

Alumnos matriculados en ciclos LOE:



Validacións entre módulos profesionais de títulos derivados da Lei orgánica 1/1990 de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE) e módulos profesionais dos novos títulos derivados da Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE). Estas validacións resolveranse pola dirección do centro educativo.

Todas as validacións que non aparezan no título ou currículo respectivo enviaranse ao Ministerio de Educación, para a súa resolución.

Procedemento de validacións

Requisitos:

Deberá estar matriculado nun centro docente autorizado e presentar a solicitude de validación perante a dirección do centro educativo dentro dos primeiros *20 días de inicio das clases*. No caso de centros privados, a dirección deste dará traslado das solicitudes ao centro público ao que estea adscrito, no prazo de cinco días hábiles.

Documentación necesaria:

A solicitude formalizarase no modelo de instancia establecida para tal efecto no anexo XIV da Orde do 12 de xullo de 2011. Acompañarase de:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Certificación académica oficial dos estudos cursados, segundo o anexo X da Orde do 12 de xullo de 2011 ou de certificado de profesionalidade ou da acreditación parcial a que se refire esta orde.



- Alumnado que teña estudos universitarios deberá achegar os programas daquelas materias cursadas que podan ser validables polos módulos profesionais.

Información en: <http://www.edu.xunta.es/fp/validacions-equivalencias>

Mais información sobre isto e moitos mais temas, a podes atopar tamén no **Departamento de Orientación do Centro (primeira planta)**.

8.2. Faltas de asistencia, baixa de oficio, traslado e renuncia a matrícula.

A regulación de toda esta casuística está contemplada na *ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanza de formación profesional inicial*.

No artigo 9, recolle: Se durante **os cinco primeiros días lectivos do curso** se observase a falta de asistencia de determinados alumnos ou alumnas, o centro docente requiriralles por escrito a súa inmediata incorporación nun prazo máximo de tres días contados desde a data de recepción da notificación e comunicaralles que, en caso de non se producir esta, agás causa debidamente xustificada, se procederá á anulación da súa matrícula.



No seu artigo 25, pto. 3, se recolle: O número de faltas que implica a perda do dereito á **avaliación continua** nun determinado módulo será do **10%** respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

8.3. Formación en centros de traballo (FCT).

A normativa que regula o módulo FCT é a Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.



O módulo profesional de FCT é un bloque coherente de formación profesional que se desenvolve en empresas ou institucións en situacións reais de traballo. Este módulo ten carácter obrigatorio en todos os ciclos formativos e desenvolverase procurando aplicar as competencias profesionais adquiridas no centros educativos, complementadas con aquelas previamente identificadas entre as actividades produtivas do centro de traballo.

O CIFP As Mercedes, dispón dunha ampla rede de **empresas colaboradoras** das distintas especialidades, para o correcto desenvolvemento do módulo FCT.

8.4. Eduemprende - FP Plus.

O **Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia**, [eduemprende](#), ten como obxectivo acadar un avance na cultura do emprendemento do alumnado, para iso conta con diversos instrumentos, varios deles destinados aos estudantes de Formación Profesional.



Alguns deste programas son: **FP Actúa, FP Idea, FP Avanza, FP Simula e FP Emprende**. Dende o noso centro participase cada ano en algúns deles.

Contamos tamén nas nosas instalacións cun [Viveiro de Empresas](#) que pode axudarche a poñer en marcha o teu propio proxecto empresarial.

8.5. Normas en caso de evacuación.

En caso de incendio ou calquera outra circunstancia pola que soen as alarmas do centro, ou por indicación do profesorado, debes abandonar a aula con rapidez e de acordo coas seguintes instrucións:

- Se é o caso, deixa as túas pertenzas sen recoller.
- Sal ordenadamente, con prontitude e evitando crear aglomeracións.
- Diríxete en fila polas escaleiras ou corredores, cara a saída principal (en cada planta existen sinalizacións das vías de evacuación).
- Obedece sempre as instrucións que te poidan dar os profesores ou os bedeis.
- Unha vez alcanzado o exterior, non quedas cerca do edificio.



9. Puntos de interese do Protocolo COVID-19 no centro.

Enquisa:

Serve para identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. Farase a diario antes da chegada ao CIFP As Mercedes a través da plataforma habilitada ao caso na web do centro ou impresa. É obrigatorio o feito de facela, pero non o seu envío ao centro.



De presentar calquera destes **síntomas**, solicitaredes, ou os vossos proxenitores, se sodes menores de idade, cita co voso médico e comunicarase a ausencia ao centro, onde será informado o “Equipo COVID”. As ausencias por este motivo consideraranse xustificadas para o control de ausencias. Recoméndase a toma de temperatura todos os días antes da saída cara o centro.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 se- manas?	cunha persoa COVID-19 + con- firmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
CONVIVIU nas últimas 2 se- manas?	cunha persoa COVID-19 + con- firmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		

Medidas xerais de protección:

✚ Establecerase unha distancia física interpersoal mínima de **1,2 metros**.

✚ É obrigatorio usar **máscara de protección** en todo ca-
so, así como a presenza dunha segunda de recambio,
así como un estoxo específico para gardala.

✚ **Correcto uso da máscara.**




✚ **Hixiene de mans:** lavado frecuente e meticulo-
so das mans con auga e xabón, durante polo
menos 40 segundos, ou con solucións hidro al-
cohólicas, durante polo menos 20 segundos, no
seu defecto.

✚ **Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.**

✚ Á **entrada e saída do centro**, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e
visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto
cumprimento.

✚ Ao **tusir ou esburrar**, tapar a boca e o nariz cun pano de
papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben fa-
celo contra a flexura do codo.

✚ Realizaranse tarefas de **ventilación** frecuente nas instala-



cións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases.

Medidas na aula ordinaria:

- ✚ O alumno empregara o mesmo posto de traballo durante o curso sempre que sexa posible.
- ✚ Gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.
- ✚ Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo.
- ✚ Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible.
- ✚ No momento de entrada á aula, na saída da mesma ou no caso de cambio de aula, dedicaranse uns minutos ás respectivas desinfeccións das mans, da mesa e da cadeira coa dotación existente na aula (panos desbotables, xel hidroalcohólico e solución desinfectante).
- ✚ Evitarase o desprazamento do alumnado da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.





Medidas nos talleres e aulas técnicas:

- ✚ Extremáranse os **protocolos de limpeza** e orde por tratarse de espazos de uso máis compartido.
- ✚ O **material que sexa compartido**, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.
- ✚ Na medida do posible, evítaranse os **grupos de traballo** que precisen o contacto con materiais. En todo caso evítase que o alumnado estea encarrado a unha distancia inferior a 1 metro.
- ✚ A limpeza dos espazos dedicados ás **prácticas** é responsabilidade de cada grupo, especialmente para manter as condicións de seguridade que neste plan se detallan.

Medidas no posto de traballo e equipos:

- ✚ Extremarase a orde, realizando a limpeza e desinfección do mesmo. *É responsabilidade do alumno a orde e limpeza do seu posto de traballo e do que empregue.*
- ✚ O alumnado **non compartirá material** de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.
- ✚ As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.



Circulacións de entradas e saídas:

Para a entrada e saída do alumnado, persoal do centro e usuarios, distribuirase da seguinte maneira:

- ✚ Pola **entrada principal** do centro situada cara a Avenida de Madrid, entraran e saíran o alumnado que cursan ensinanzas da familias profesional de **“Transporte e Mantemento de Vehículos”**.



- ✚ Pola **entrada lateral esquerda** situada ao final da beirarrúa que discorre ao longo do edificio principal, entraran e saíran os alumnos da familia profesional de **“Comercio e Márketing”**.

- ✚ Os alumnos das familias profesionais de **“Enerxía e Auga”** e **“Instalación e Mantemento”** usarán o acceso ao carón da **área de Administración**.



- Nos corredores empregaranse os sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor de forma que a circulación **será sempre pola dereita de forma individual** respectando a distancia de seguridade.
- Non se permitirá a saída ao corredor durante o horario das clases, permanecendo nas aulas, aulas técnicas e talleres coa excepción dos cambios de clase.
- Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.

Medidas nos cambios de clase:

- Con **carácter xeral**, o alumnado debe **permanecer no seu sitio** durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina.
- A **saída** será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións.
- Se houbera outro grupo na nova aula (**intercambio**); agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

Medidas relativas ás familias (Reunións).

- Nas **reunións de tutoría e nas comunicacións** por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a tutoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección.
- Para a comunicación coas familias tilizarase como mecanismo de comunicación xeral a **páxina web** do centro e o **email de comunicación** co “Equipo COVID” ou o do centro.

Medidas específicas para o alumnado con NEE:

Uso de máscaras: No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

Alumnado en cadeira de rodas: Cando dito alumnado sexa auxiliado para o seu movemento polos distintos espazos do centro, serán desinfectadas as partes que foron manipuladas para dita acción.

Alumnado con hipoacusia: Nos casos que o alumnado precise un/unha intérprete de linguaxe de signos, facilitarase, no caso que sexa preciso, que dito/a intérprete empregue pantalla de protección para poder baixar a máscara puntualmente para facilitar a lectura de beizos e sempre garantindo as medidas hixiénicas e de seguridade. De ser preciso, para realizar esta labor con seguridade, empregarase unha mampara de protección.

Lugo, a 15 de Setembro de 2021



Asdo.: Joaquín Expósito López

Director do CIFP As Mercedes